

A **Asociación do Traxe Galego**, na procura de conseguir e divulgar-lo máis amplo coñecemento sobre o traxe galego, en tódalas súas variantes, convoca a **XVI EDICIÓN DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN “ANTONIO FRAGUAS”** nesta materia de acordo coas seguintes

BASES:

1. Establécense DOUS premios:
PREMIO NA MODALIDADE DE TRABALLOS ANALÍTICOS Por valor de 1200 euros
PREMIO NA MODALIDADE DE TRABALLOS DESCRITIVOS Por valor de 600 euros
2. A modo de orientación, para a presentación de traballos:
Consideraranse na modalidade de TRABALLOS DESCRITIVOS aqueles que, recuperando traxes, especifiquen a materia con que están feitas as pezas, medidas, patróns, onde se atoparon, onde están actualmente e de que época é cada unha das pezas analizadas, pero evitando elevar esas pezas ou esos traxes, sen máis documentación que a confirme e complemente, a categoría absoluta para unha terra ou unha época.
Consideraranse na modalidade de TRABALLOS ANALÍTICOS aqueles nos que, ademais se investigue quen fixo o traxe, con que mecanismos, como traballaba, en que área distribuía a súa produción. Nesta modalidade de investigación recoméndase non só a recolleita e catalogación das formas (incluíndo a pescuda en inventarios pos-mortem, na tradición oral ou na iconografía), senón tamén a investigación verbo das crenzas e valores relacionados co traxe, da influencia na indumentaria dos poderes relixiosos, económicos e políticos, e finalmente dos aspectos sociolóxicos, coma o dos artesáns da nosa indumentaria (zoqueiros, costureiras, etc.)
3. Os traballos achegaranse á sede da Asociación do Traxe Galego:
Rúa do Hórreo, nº 19. Galerías Viacambre Local 57-58, 15702 de Santiago de Compostela, por correo certificado ata a data límite do 30/11/2010
4. Os traballos presentaranse en galego, en sobre pechado no que conste un lema e non poderán asinarse. O autor/a ou autores/as indicarán nunha cuartilla os seus datos persoais: nome, apelidos, enderezo, teléfono e NIF, nun sobre tamén pechado no que conste o mesmo lema que no sobre que contén o traballo.
5. Os traballos deberán acompañarse da documentación ou fotografía correspondente.
6. Os traballos premiados poderán publicarse a iniciativa da Asociación do Traxe Galego, se así o estima, mantendo os seus autores/as, os dereitos de propiedade intelectual.
7. O Xurado estará constituído por persoas de recoñecido prestixio no ámbito do folclore, antropoloxía e investigación do traxe galego.
8. O veredicto do Xurado será inapelable, e poderá declarar desertos un ou máis premios se considera que a calidade dos traballos é insuficiente.
9. O veredicto do xurado adoptarase por maioría simple dos seus membros, quedando aquel facultado para resolver as incidencias que poideran xurdir nas súas deliberacións.
10. Poderá concorrer a estes premios calquera persoa, sexa cal fose a súa nacionalidade ou lugar de residencia.
11. Os traballos, a excepción dos premiados, voltaranse os seus autores/as dentro do mes seguinte o veredicto do Xurado.
12. O feito de participar neste concurso supón a total aceptación destas bases.